

<http://portaldocomerciante.xunta.es>

NORMATIVA EN MATERIA DE REBAIXAS

CONCEPTO	<ol style="list-style-type: none">1. Para os efectos desta lei, enténdese por vendas en rebaixas as realizadas por comerciantes en determinadas épocas do ano, xeralmente vinculadas a períodos estacionais e fin de temporada, cando os artigos obxecto destas se oferten, no mesmo establecemento no que se exerce habitualmente a actividade comercial, a un prezo inferior ao fixado antes das devanditas vendas como consecuencia do remate dunha temporada comercial.2. Queda prohibida a utilización da denominación de venda en rebaixas en relación con artigos deteriorados, adquiridos para esta finalidade ou que non estiveren dispostos no establecemento para a venda á persoa consumidora final cun mes de antelación á data do seu inicio.3. Os produtos obxecto de venda en rebaixas non poderán ter sido obxecto de ningunha actividade promocional de vendas no transcurso do mes que preceda á data de inicio da venda en rebaixas.
TEMPADA DE REBAIXAS	<ol style="list-style-type: none">1. As vendas en rebaixas poderán ter lugar nos períodos estacionais de maior interese comercial segundo o criterio de cada comerciante.2. A duración de cada período de rebaixas será decidida libremente por cada comerciante.
CONDICIÓNS	<ol style="list-style-type: none">1. Non se poderá simultanear, nun mesmo establecemento comercial e para o mesmo tipo de produtos, a venda en rebaixas con calquera outra actividade promocional de vendas regulada neste título.2. As datas de comezo e de remate de rebaixas, libremente elixidas polas persoas comerciantes, dentro do período legalmente establecido, indicaranse en sitio visible ao público, mesmo cando os establecementos comerciais permanezan pechados.3. Os letreiros e as etiquetas deben exhibir, de forma ben visible, o prezo anterior e o novo prezo ou, en substitución deste último, a porcentaxe de redución.